

## **BASES DO PREMIO FUNDACION JACINTO CALVO OS VALORES SOLIDARIOS E O COMPROMISO SOCIAL**

- Poderán presentarse artigos periodísticos publicados por primeira vez entre o 1 de Xullo e o 31 de decembro de 2010, en medios de comunicación escritos ou dixitais, tanto diarios como revistas de calquera periodicidade, españois ou estranxeiros, asinados polo seu autor.
- O tema do artigo centrarase na potenciación dos valores da solidariedade, a defensa dos valores democráticos, a acción social e a sensibilización dos diferentes sectores da sociedade respecto das necesidades e demandas dos colectivos sociais máis vulnerables, apoio e promoción destes colectivos e a igualdade entre mulleres e homes.
- Cada autor poderá presentar un máximo de tres artigos diferentes. Cada membro do xurado poderá propor cantos traballos considere merecedores do premio. O premio, único e indivisible, é de 1.500 euros.
- Os participantes remitirán ó apartado de correos nº 35, 27080 Lugo, dous exemplares da publicación onde aparecera o traballo que opta ó premio, no caso de ser escrita, e a correspondente certificación xunto coa publicación en soporte electrónico, se é dixital, ademais do título, data e medio de comunicación onde aparecera. Todo isto virá acompañado dun sobre onde figuren os datos persoais do autor, nome, apelidos, d.n.i., enderezo, teléfono e un breve currículo .

- A Fundación e o xurado do Premio non manterán correspondencia ningunha cos participantes, a excepción do premiado, e non devolverán a documentación e material recibidos. O prazo de admisión finalizará o 15 de Xaneiro de 2011.
- Reunido o xurado e valorados detalladamente os artigos presentados, farase pública a decisión do xurado na web da Fundación , así como a través dos medios de comunicación da provincia de Lugo, xunto coa data e lugar de entrega do premio.
- O Presidente do xurado será o da Fundación
- O Xurado fará público o seu veredicto a partir do mes de febreiro de 2011. A decisión do xurado é inapelable.
- A presentación dun artigo á presente convocatoria implica a aceptación destas bases.
- O xurado estará integrado por cinco membros, ademais do secretario, que actuará como tal o da Fundación, con voz e sen voto.
- Os membros serán nomeados polo Padroado da Fundación e serán elixidos entre persoas de recoñecido prestixio e traxectoria, relacionada coa cultura, o xornalismo, o compromiso social e a solidariedade.
- No caso de que o citado xurado considere que os artigos presentados non acadan o nivel de calidade preciso, poderá declarar deserto o premio.
- O xurado poderá decidir sobre calquera eventualidade non prevista na convocatoria e a súa decisión será inapelable.